



A GUARDA

Desta Vila xa demos circunstanciada noticia no capitulo 5º. Do presente tomo, e agora só repetimos aquí para gardar a orde das demais parroquias. Venera por Patroa tutelar a Sta. María Nsa. Sra., a quen celebran festa o 15 de Agosto. Habitana 450 veciños, que pertencen polo contencioso político e gobernativo á Xustiza da mesma vila como cabeza que é de Xurisdición e partido. Valen os seus décimos 16.218 reais, que levantan por metade o Párroco e o Cabido catedral de Tui, este coa obriga de por e dotar aquí un capelán simple sen cura que desempeñe os cargos anexos á súa metade de froitos; o primeiro non ten casa reitoral nin igrexario, pero si percibe de renda anual 19 ferrados de trigo, 10 de centeo, 4 de miúdo, 66 de millo e 37 reais. A fábrica da Igrexa cobra 6 ferrados de trigo, 10¼ de centeo, 6¼ de miúdo, 12 de millo e 24 reais. Paga esta á Mesa Episcopal de Tui 1 colecta 200 marabedís vellós; o Abade contribúe á mesma con 20 ferrados de trigo, e o Cabido pola súa porción de décimos con outro tanto; pero segundo as Sinodais do Bispado do ano 1528 debían pagar ambos 12 bucios e 4 celamíns de trigo. Este Beneficio curado é de presentación Real e Ordinaria. Dista da capital Tui 4 leguas." (Ávila y La Cueva, 514-515).



Igrexa parroquial

Algúns autores retraen a historia da comunidade cristiá de A Guarda ata os tempos de Nerón, co martirio dos santos Críspulo e Restituto en Abróbiga.

O que si é noticia certa é que no Concilio de Lugo do ano 569, no reinado de Teodomiro, aparecen citadas as comarcas de Turonio e Gauda dentro da xurisdición tudense.

É difícil sinalar a data da construción do primitivo templo, pero polos restos atopados na pavimentación e no recheo dos muros da actual igrexa, poderíase pensar nunha igrexa románica no mesmo lugar.

Na visita realizada no ano 1556, D. Sebastián Rodríguez de Orduña manda que no prazo de dous anos fagan unha igrexa nova, xa que a que tiñan resultaba pequena e escura. Nos anos 1560 e 1565 repítese a mesma orde, sinal de que non se fixera nada polas reformas encomendadas.

Por fin, o Bispo Diego de Torquemada (1564-1582) manda comezar as obras e, co seu apoio, no ano 1576 a obra está practicamente rematada. Como proba desta intervención, aos laterais da ventá que está enriba da porta da fachada sur, colócouse o escudo do bispo e o da Guarda (daquela época).

De todas formas, a **fachada principal e a torre** (140) son de finais do século XVIII, segundo o estilo dominante nesa época na zona. Compartiméntase en tres rúas, seguindo as naves da igrexa, por medio de pilastras que sosteñen unha cornixa partida e moi ondulada, dous tramos a cada lado e o central curvo, rematado en cruz de pedra. En cada un dos tramos ten o seu pináculo.

Accédese á porta principal por medio de tres chanzos. A porta fórmase cun arco de medio punto apoiado nas xambas. Adórnase a modo de pórtico con dúas pilastras estriadas que suxeitan unha cornixa plana de apoio a un frontón partido polas pilastras de adorno da fornela central no que está a imaxe pétreo da patroa. Nos extremos, pináculos apilastrados a xogo cos de remate.

Mesmo enriba da porta unha cartela dános a data da súa construción: “Año de 1784”.

A **imaxe da Virxe** é do ano 1796 (141).



A fornela cêrrase co noutra cornixa de separación e sobre ela hai unha fiestra da mesma proporción, con moldura e forma ovoide para entrada de luz no coro. Remata esta rúa un releve dunha custodia radiada coa inscrición do Agnus Dei.

Os vans dos paramentos da fachada principal consérvanse co reboco en branco, non así os demais da igrexa.

O construtor foi o veciño da Guarda Xoán Lomba.

No lado norte ten adosada a torre, que é da mesma época que esta fachada. A torre que se fixera cando a reforma de Torquemada no ano 1576 era máis baixa, e na visita de Rodríguez Castañón, no ano 1764, debido ao seu estado que ameazaba derruba, mándase demoler. O párroco fíxolle unha reparación de urxencia e durou ata 1798 en que o Bispo García Benito manda que se leve a cabo a orde recibida e que se faga unha torre dacordo coa nova fachada da igrexa.

Ten planta cadrada e está composta por tres corpos. No primeiro, apilastrado nas esquinas, atopamos no seu friso a data de construción: 1800. Sobre unha cornixa voada con varanda de pedra e pináculos esquinais, está o campanario de catro ocos, con apilastramento extremo en cada lado. O terceiro corpo sepárase do anterior con outra cornixa voada e balconada de pedra con pináculos nos extremos. Fórmase cun tambor cilíndrico, con ocos de arco de medio punto a cada lado, e cêrrase cunha cúpula de media laranxa e cruz metálica. A altura total da torre, sen a cruz, é de 33 metros. A cruz orixinal era de ferro e recuberta con cobre, e tivo que ser cambiada por outra de aceiro inoxidable en 1997.

O arquitecto que construíu a torre foi José Parada.

A porta do sur é da mesma época da construción da igrexa, século XVI. Fórmase cun pórtico clásico de dúas columnas exentas sobre bases unidas ó paramento, que sosteñen un frontón triangular cunha fornela con venera no centro do tímpano para albergar a imaxe da Asunción, tamén en pedra. É do ano 1758.

Remátase cunha ventá rectangular, moldurada e acodada, de derrame exterior, flanqueada polos escudos de Torquemada coa súa inscrición (*FIDES ATQUE AMOR*), e o antigo da Guarda, que representa un barco arborado e co velame recollido.

A planta do templo é rectangular, dividida en tres **naves** (142). A nave central prolóngase na ábsida coa capela maior. Dúas capelas adosadas as naves laterais, a dos Dores e a de Fátima, dan a sensación de cruceiro da igrexa.

As naves sepáranse cunha arquería de tres amplos **arcos de medio punto** (143) apoiados en columnas cilíndricas e pilastras nos muros extremos.





O tellado é a dúas augas e nas capelas laterais a tres.

Polas inscricións que hai na parede exterior da sancristía e nunha das columnas da igrexa, sabemos que o construtor da mesma foi Gaspar Pe (Pérez ou Pereira).

A teitume das naves é un artesoadado de madeira de teca realizado na reforma xeral que se fixo nos anos 1996-1997. O primitivo xa era de madeira, pero no 1880 foi substituído por outro de xeso e pintado de branco.

As bóvedas das capelas, maior e laterais, son de pedra.

A capela maior ten unha sinxela nervadura de traza rectangular formando casetóns para acoller **pinturas** (144-145) con alegorías e símbolos das letanías da Virxe.

O **retablo maior** (146) ocupa todo o paramento leste.

Componse dun banco de gran tamaño, xa que nel ábrense dúas portas para o acceso á súa parte posterior, un corpo de tres rúas dividido por estípites, e un ático cerrado por un arco rebaixado.

Presenta gran movemento a causa dos **elementos estruturais e ornamentais** (147). A parte central tanto do primeiro corpo como do ático retrocédese e as rúas laterais están adiantadas. Os anxos que sosteñen a peaña da **Virxe** (148) e os do ático preséntanse tamén en movemento, dando sentido de elevación a todo o conxunto.

Mandouse construír a petición do Abade Bernardo de Azcárate segundo unha carta de data 16 de xaneiro de 1750, dirixida ao Cabido Catedral pedindo a súa colaboración económica.

A parte central, enriba do Sagrario, foi pensada para o Ostensorio e a Exposición do Santísimo. Na actualidade está ocupada por un Sagrado Corazón inflamado cunha nube de anxos que foi regalado no ano 1754 con motivo dunha misión realizada nese ano.






Antigamente tiña no primeiro corpo catro fornelas. Na actualidade soamente dúas que están ocupadas polas imaxes do Sagrado Corazón de Xesús e o Inmaculado Corazón de María, que son obras de Miguel Castellanos de mediados do século pasado.

No arco triunfal, sobre peañas, **dous anxos** (149-150) sosteñen lámpadas de prata que foron doadas no ano 1787 para alumar o Santísimo. Unha das lámpadas é a orixinal e a outra unha réplica, xa que fora espoliada. A orixinal ten gravado no seu estradós:

“ESTA LAMPARA Y SU COMPAÑERA DE PLATA DE LEI QUE PESAN 44 M2012 ADARMES SON PARA ALUMBRAR PEREMNEMENTE AL SSMO SACRAMENTO EN LA IGLESIA PARROQUIAL DE STA. MARIA DE LA VILLA DE LA GUARDIA OBISPADO DE LA CIUDAD DE TUY EN EL REINO DE GALICIA DE LA FUNDACION QUE LA BUENA MEMORIA DE DON JOSE VENTURA RUBIN DE CELIS VECINO DE ESTA CIUDAD DE SEVILLA Y NATURAL DE DICHA VILLA HA HECHO Y CONSTA EN EL LIBRO DE DICHA FUNDACIÓN AL CARGO DEL MAYORDOMO DE LA FABRICA DE DICHA IGLESIA PARROQUIAL”.

E queda ratificado na cartela dos anxos con esta inscrición:

“LAS DONARON A ESTA IGLESIA Y ESTOS ANGELOTES DON JOSE VENTURA”,





e no outro

“RUBIN DE CELIS Y SU MUGER D^a TERESA DE NANTES DE SEVILLA Y EL NATURAL DE ESTA AÑO DE 1787”

As dúas naves laterais están presididas por retablos practicamente xemelgos. Só os distinguen unhas pequenas diferencias de composición. Hoxe en día aprécianse as variacións que sufriron, xa que o **do Carme (151)** (no lado da epístola) restaurouse no ano 2004 volvendo practicamente ao seu estado orixinal e recuperando as pinturas que estaban ocultas nas caixas.

Está composto de banco, dous corpos e ático. Os corpos teñen tres rúas coincidentes. As columnas son salomónicas con 3 espiras cada unha e moi cubertas de emparrado e nalgunhas con amocillos.

En cada unha das rúas hai a súa fornela de medio punto con marcos acodillados e cartela con anxo e ramaxe.

No primeiro corpo a fornela central desapareceu cando lle aplicaron o camañín da Virxe semellante ao que veremos no da Inmaculada. Na actualidade é unha táboa plana cunha peaña na que descansa a imaxe da Virxe do Carme, que se atribúe ao taller de Asorey datándoa na década de 1940.

Nas fornelas laterais deste primeiro corpo están as pinturas de S. Xoán e S. Paulo. No segundo corpo, S. Andrés, **Ecce Homo (152)** e Santiago.

O ático ten unha fornela central ben fonda polo corpo de remate con marco e cartela. Está centrada entre columnas salomónicas. E ten a pintura da Resurrección. Os espazos laterais están adornados con follas.

Cerra a parte superior do retablo un arco de medio punto con intradós encasetado. Polos lados con machóns de guirnalda de froitas.

Para datar a construción destes retablos dámos noticia o sumario sobre o culto de S. Telmo segundo a testemuña de Francisco Rolán de Santa Cruz que di que cando el o pintou atopara unha inscrición que dicía: “*Fue pintado en el año 1677*”. Poderíamos pois atribuílos por aproximación ao ano 1660.

O **retablo da Inmaculada Concepción (153)** (antes estaba dedicado a S. Telmo) ten a mesma composición e adorno que o do Carme, excepto no ático, que nos lados adórnase con dúas caixas con pinturas, esta vez son S. Vicente Ferrer e S. Xacinto.

No primeiro corpo conserva o camañín que se lle colocou a ámbolos dous no ano 1883 para acoller a imaxe da Virxe. Esta imaxe foi doada no ano 1885 por Constantino Nandín Villafuela, residente en Querétano (México) e de alí procede.



Con toda probabilidade, cando se realice a súa restauración, nas fornelas atoparanse pinturas como hai no ático e na fornela central do segundo corpo, onde se representa a Sta. Mariña. Na actualidade, no primeiro corpo están Sta. Trega e Sta. Rita. No segundo S. Telmo e S. Cristovo. E na fornela central do ático a imaxe do Salvador.

Outro retablo a ter en conta é o **do Rosario (154)**, que se atopa aos pés desta nave lateral norte, pegado ao coro. O seu estilo é churrigueresco e foi construído no ano 1775.

Ten dous corpos claramente diferenciados. No primeiro, unha gran fornela, hoxe cunha porta de cristal a modo de camañín, coa imaxe da Virxe do Rosario. A ámbolos lados pinturas coa **representación dos misterios (156-159)** dolorosos e gloriosos. Completan este primeiro corpo dúas peñas coas figuras de S. Xoaquín e S. Xoán Bautista.

No segundo corpo, unha fornela máis pequena coa imaxe de S. Xosé e o Neno Xesús, rodeada pola representación dos misterios gozosos e outras representacións, como a Trindade. Nas peñas laterais, S. Bieito e Santiago Peregrino.

Todas as imaxes deste retablo son de gran calidade artística.

Na antiga capela bautismal atopamos o **retablo do Cristo ou das Ánimas (155)**. É un corpo cunha soa rúa e ático.

O banco cêrrase con dous pares de ménsulas: as extremas con follas e froitos, máis adiantadas, e as interiores, como sostén das columnas salomónicas, con anxos. O espazo central está ocupado pola tabla de Ánimas, e nos extremos dous machóns cos relevés de S. Francisco e Sto. Domingo.

A rúa do corpo principal ocúpase co Cristo Crucificado, a Virxe e S. Xoán. Unha cartela con cabeza de anxo adorna a parte superior do marco. As columnas salomónicas adórnanse con racimos e amorcillos.

A imaxe do Cristo, segundo tradición popular, encontrárona no mar uns pescadores.

O ático cêrrase nun arco de medio punto que acolle unha fornela central adornada con dúas pequenas salomónicas, e onde está a imaxe de S. Roque. Ten tres cartelas de anxo como adorno radial.

As dúas capelas laterais corresponden o século XVI.

A da nave norte ten bóveda cruzada con potentes nervos dividíndoa en catro lunetos. Estaba adicada á Virxe do Bo Suceso, e foi fundada polo párroco D. Lourenzo Correa en 1520, segundo consta na inscrición no arco da entrada xunto ao seu escudo.





A súa finalidade era funeraria: albergar o sepulcro do fundador, hoxe en día tapado polo retablo. Na actualidade é a **Capela das Dores (160)**.

O retablo actual foi construído por Cándido Sobrino no ano 1868. Está presidido pola Dolorosa (imaxe adquirida en Madrid no ano 1774). Nas outras dúas fornelas, as imaxes da Verónica e do Nazareno.

Baixo a mesa do altar, unha urna contén a imaxe de Cristo morto. Realizouna o mesmo autor do retablo en madeira de cedro no ano 1880 a petición dos veciños. É unha imaxe articulada para poder ser utilizada no Descendemento.

A capela do lado sur estaba dedicada á Stma. Trindade, hoxe á **Virxe de Fátima (161)**.

Débase a unha doazón que fixo D. Sebastián Varela Flores, e foi autorizada a súa construción polo Bispo o 20 de Maio de 1596.

Tamén ten finalidade sepulcral, como depósito das cinsas dos fundadores, polo que están os escudos nobiliarios dos Varela, Falcón e Sotomaio.

Os cadros colocados sobre o arco triunfal son o que queda do antigo retablo que presidía a ábsida. Ao ser substituídos polo retablo barroco, a mediados do século XVIII, colocáronse estes neste espazo.





Por unha limpeza de superficie feita na restauración levada a cabo nos anos 1996-1997 descubriuse a inscrición da autooría e a data dos mesmos:

“PINTO BENITO DE PADILLA EN 1596 POR ENCARGO DEL CABILDO DE TUY
SIENDO ABAD P BLANCO”

Son oito cadros ao óleo sobre madeira. Os tres superiores representan: os laterais os PP. da Igrexa latina: no da esquerda **S. Xerónimo e Sto. Agostiño** (162), no central a **Coroación da Stma. Virxe** (163) e no da dereita **S. Gregorio e Sto. Ambrosio** (164).

Os inferiores: Nacemento de Cristo, Vinda do Espírito Santo, Ascensión, Resurrección e Adoración dos Magos.

No Museo diocesano están depositadas varias pezas de valor, como a Custodia Procesional do século XVII e unha Virxe de marfil con coroa de prata do XVIII, entre outras.

Igrexa de S. Bieito (165)

Formaba un conxunto co Mosteiro da Transfiguración do Señor, de Monxas Benedictinas.



165

Está situado na baixada ao porto.

O Mosteiro foi fundado no ano 1558 polos irmáns Ozores de Sotomaior: Álvaro, García, Isabel e María. Foi aprobado o 7 de Setembro de 1561 polo Nuncio de Portugal D. Próspero de Santa Cruz, e, como era costume, varias mulleres desta familia, despois da fundación, tomaron os hábitos ingresando na orde beneditina.

Unha vez que a comunidade se trasladou ao convento de Trasmañó, o convento de A Guarda reconverteuse en hotel e a igrexa pasou á parroquia como lugar de culto.

Conserva algúns dos **retablos barrocos** (166-167) que posuía e imaxineña dos mesmos, aínda que algún deles está no museo diocesano doado polas monxas.

Tamén están algúns sepulcros. No altar maior consérvase o de Álvaro Ozores de Sotomaior, segundo consta na inscrición que o preside:

“AQUI ESTA SEPULTADO ALVARO OZORES DE SOTOMAIOR FUNDADOR I PATRON DE ESTE MONASTERIO FALLECIO A 5 DE OCTUBRE DE 1594”.

Consta que no ano 1737, o mestre canteiro Francisco Lorenzo Eiras, veciño de Lanhelas contrata a obra da igrexa na cantidade de 1150 ducados.

Capela da Guía

Edificada no século XVI.

É de pedra, cun curioso pórtico na entrada, tamén en pedra, probablemente de construción posterior. O tellado é a dúas augas, excepto o cubrimento do pórtico.

Remata a súa fachada nunha pequena espadana.

A súa planta é rectangular. A bóveda é de ladrillo e ten unha pequena tribuna de madeira a modo de coro.

Consta un documento de doazón testamentaria feita por un mariñeiro no século da súa edificación que deixa

“VENTICINCO DIÑEIROS PARA A CAPELA DE NOSA SEÑORA DA GUÍA,
SITUADA EXTRAMUROS DA VILA DA GUARDIA”.

Ten un pequeno retablo coa imaxe da Virxe da Guía.

No día da festa ten lugar unha subasta popular de produtos do mar e da terra ofrecidos á Virxe.



166

Capela da S. Caetano

No barrio de A Cruzada.

Construída no século XVII.

Pequena capela de planta rectangular coa sancristía adosada. Ten unha pequena espadana.

Fai uns anos, debido ás humidades, botóuselle unha placa de cemento baixo o tellado que afea bastante a construción, o mesmo que a pedra exterior, que foi ideada para estar rebocada deixando á vista os marcos.

Ten un retablo dedicado a S. Caetano.

Hai un Cruceiro no adro.

No ano 1735 a tripulación do barco Collingudod doou a campá del, pois cando estaban a piques de chocar contra o acantilado pola espesura da néboa, descubriron a capela e puideron salvar o barco. O capitán do mesmo obsequiou un cáliz coa inscrición no seu pé:

“ESTE CALIS HES DE SAN CAYETANO SE HIZO A DEBOCION DE SUS DEBOTOS ANO DE 1735”.

Antigamente celebrábase a súa festa na primeira quincena do ano. Trasládouse para o 7 de agosto e agora celébrase o primeiro domingo dese mes.

Por celebrar a festa en xaneiro, a xente coñecía a este santo co nome de “San Queitano do Grelo”, ao ser este un produto abundante nesas datas do ano.

Ermida de Santa Trega

Da antigüidade do culto a **Sta. Trega** (168) neste monte non hai dúbida. Algúns autores afirman que a devoción á mesma débese á peregrina Eteria, que no século IV, despois de percorrer os Stos. Lugares, tamén visitou o sepulcro da Santa en Seleucia.

Os primeiros documentos históricos que temos son do século XII, en que pertencía ao Mosteiro de Oia.

No ano 1140 fúndase a “Irmandade do Clamor”, e as súas constitucións aprobounas o Bispo de Tui D. Pelaió Menéndez nese mesmo ano.

Na capela distínguense claramente dous momentos construtivos. O primeiro sería o actual presbiterio, que formaría a antiga ermida construída sobre outra anterior, polos vestixios visigóticos que se atoparon nas escavacións realizadas en 1994. Esta primeira fase podería datarse no século XII e ten unha silleira exterior ben coidada.





Ao quedar pequena para a cantidade de xente que acudía, houbo que alongala, con probabilidade no século XVI, e facéndolle varias portas.

Pola inestabilidade que presentaba, a finais do século XVII, teñen que asegurala por medio dos arcos e os contrafortes.

En 1962 reformouse no seu **interior** (169), co que perdeu o retablo maior que era barroco, ao igual que os dous que aínda se conservan na actualidade.

A última reforma importante fíxose no 1994: cambióuselle o piso, arranxouse o tellado e púxoselle un artesoado de madeira, e encintáronse os paramentos.

Aproveitouse o momento para a restauración tamén dos bens mobles: as táboas do século XVII procedentes do Mosteiro de Oia que representan “Nosa Señora do Mar” e a S. Paulo (de quen era discípula Sta. Trega), e que adornan o paramento que separa o presbiterio da sancristía.

Tamén se restauraron nesta ocasión os dous pequenos retablos barrocos xemelgos que están na nave: o da Asunción e o de S. Francisco de Asís, datados en 1705.

Da influencia dos franciscanos neste lugar dá fe o **cruceiro (170)** colocado no recinto diante da capela, coa curiosidade que no lugar que debería ocupar a imaxe da Virxe, está S. Francisco. Ten data de 1685. (Este cruceiro está incluído na obra de Castelao “As cruces de pedra en Galicia”).

O santuario conta con dúas reliquias: da Santa, cedida polo Arcebispo de Tarragona no ano 1951, e un Lignum Crucis doado polo P. Salvado.

Unha das manifestacións de devoción popular que se teñen aquí é “o voto”. A tradición conta que, despois de sete anos de sequía que padeceu esta comarca, traendo consigo a fame e a peste, por intercesión se Sta. Trega, Deus escoitou as oracións da xente. Os devotos en agradecemento fixeron o Voto en 1355 de xaxuar a pan e auga tres días e facer nese tempo exercicios espirituais no recinto da ermida. Pronto se reduciron a dous días.

Dende o ano 1599 esta peregrinación fana soamente homes, debido a unha orde dada polo Bispo de Tui, polo escándalo que producía o costume de pasar todos xuntos no monte esas dúas noites.

Hoxe en día celébrase un só día: o último sábado de agosto.

Os homes das sete parroquias obrigadas polo voto comezan a subida co rezo do Rosario; logo fan o **Vía Crucis (171)**, ao chegaren ás cruces que o sinalan, e xa na capela celébrase a Sta. Misa, bican a reliquia e reciben un bolo de pan, dando por cumprido o Voto.

FESTAS E ROMAXES DE A GUARDA

- Semana Santa: variable.
- O Santísimo: no domingo que corresponda
- A Virxe do Carne: 16 de xullo.
- S. Caetano: 1º domingo de agosto.
- Asunción da Virxe: 15 de Agosto.
- O Voto: Ultimo sábado de agosto.
- Virxe da Guía: domingo máis próximo ao 8 de setembro.
- Santa Trega: 23 de setembro.
- Sto. Antonio: domingo máis próximo ao 13 de xuño
- Festas populares do Monte: 2ª semana de agosto.